

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, AUGAS DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA PARA O PROXECTO “FORTALECEMENTO DE CAPACIDADES TÉCNICAS E OPERATIVAS PARA A MELLORA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS EN MOZAMBIQUE (AQUA-MOZ SECARA 3ª FASE)”

(1) A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade e considera conveniente contribuír á mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique como medio para loitar contra os efectos extremos derivados do cambio climático

(2) Antecedentes:

A entidade pública empresarial Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en virtude do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, é a entidade a través da cal a Xunta de Galicia aplica e garante os principios que rexen a xestión pública da auga e o ente público que se constitúe no instrumento central da política de auga en Galicia. Así mesmo, e, de acordo co artigo 17.C.c) do Estatuto de Augas de Galicia, realiza funcións relativas á cooperación nacional e internacional en materia de infraestruturas hidráulicas.

A través da experiencia acumulada na xestión dos recursos hídricos, Augas de Galicia considera de gran utilidade compartir os seus coñecementos cos países en desenvolvemento que os precisen, entre os cales se atopa Mozambique.

Enxeñería Sen Fronteiras Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, sección A, número 29 e que ten como finalidade, segundo se recolle no seus estatutos, a consecución dunha sociedade mundial xusta e solidaria, facilitando o desenvolvemento



das comunidades máis desfavorecidas da poboación nun marco de xustiza social e respecto ás costumes e culturas na área de actuación. Para isto, establecen liñas de acción que inclúen proxectos de cooperación para o desenvolvemento, incidencia, sensibilización, investigación e educación para o desenvolvemento

Con respecto ao presente proxecto, Enxeñería Sen Fronteiras Galicia aporta un perfil técnico relacionado coa xestión de recursos hídricos e capacidade de sensibilización e acercamento á cidadanía, tanto en Galicia como en Mozambique. Enxeñería Sen Fronteiras Galicia asumirá o rol de socio líder para potenciar o fortalecemento das relacións entre a administración da auga e a sociedade civil. Inicialmente, centrarase en accións de sensibilización que lle permitan enfocar e coñecer a fondo a problemática da xestión da seca en Mozambique, co fin de sentar as bases para contribuír, máis adiante e dun modo sólido, ao mencionado fortalecemento das relacións entre a administración da auga e a sociedade civil.

### (3) **Finalidade**

O proxecto ten como obxectivo xeral o de contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación aos impactos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e a escaseza de auga, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de conca en Mozambique

### (4) **Obxecto**

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, Augas de Galicia e Enxeñería Sen Fronteiras Galicia no proxecto denominado “Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ SECARA 3ª FASE)”.

A xestión dos recursos hídricos e o fortalecemento das administracións responsables é unha prioridade en Mozambique. O desenvolvemento de actividades que vinculen melloras técnicas e procesos de xestión nun mesmo plano de acción identificouse como unha formulación de éxito na Cooperación Galega coa administración da auga de Mozambique.



O presente proxecto Aqua-Moz, Secara 3ª Fase é continuidade das anteriores accións desenvolvidas no marco do convenio asinado o 6 de agosto de 2019 e o 15 de marzo de 2021 no marco da xestión da seca en Mozambique. O proxecto pretende contribuír, no marco da loita e prevención contra os efectos do cambio climático, á mitigación dos impactos dos eventos de seca en Mozambique, fortalecendo á Administración Rexional de Augas do Sur e á Administración Rexional de Augas do Norte.

No ano 2019 durante a primeira fase de execución do proxecto identificouse e comezouse a desenvolver a liña de acción centrada na seca, coa que traballouse no desenvolvemento e implementación dun sistema de monitoreo da seca na conca dos ríos Umbeluzi e Incomati; definíronse os procedementos xerais de xestión e do funcionamento interno da ARA Sur en relación á xestión da seca; e mellorouse o monitoreo do estado dos embalses. Este traballo continuouse na segunda fase na que as accións se centraron na ampliación das concas monitoreadas e na mellora dos procedementos de xestión.

Nesta terceira fase inclúese como socio líder á asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia. Nas dúas primeiras edicións o deseño e implementación técnica fíxose baixo o liderado da UdC /FUAC, que na presente edición unicamente ten presenza como entidade colaboradora, a través do Grupo de Enxeñería da Auga e Medio Ambiente (GEAMA) pertencente a esa universidade..

(5) A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral. Así mesmo, a necesidade de coordinación entre as entidades asinantes, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo financiará o proxecto cunha achega total de 50.000,00 € (cincuenta mil euros) e Augas de Galicia aportará 75.000,00 € segundo o seguinte cadro:



	Vicepresidencia Primeira		Augas de Galicia	
	2022	2023	2022	2023
<b>Persoal</b>			37.500,00	12.500,00
<b>Viaxes</b>		8.875,00	11.500,00	3.125,00
<b>Servizos Técnicos</b>	37.000,00	1.000,00	1.000,00	
<b>C. de xestión</b>		3.125,00	6.578,25	2.796,75
<b>TOTAL</b>	<b>37.000,00</b>	<b>13.000,00</b>	<b>56.578,25</b>	<b>18.421,75</b>
<b>TOTAL, POR FINANCIADOR</b>	<b>50.000,00</b>		<b>75.000,00</b>	

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,  
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

